

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

8337 *Real decreto 707/2015, do 24 de xullo, polo que se regula o Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria.*

O artigo 56.catro da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modifica o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, introducindo un novo artigo 159 bis polo que se crea o Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria, que se nutrirá coas achegas de Portos do Estado e das autoridades portuarias en concepto de empréstito.

A creación deste fondo, que se encadra nos fondos carentes de personalidade xurídica regulados no artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, permite, conxuntamente con outras medidas incluídas na indicada lei no referente á participación privada no financiamento de accesos terrestres aos portos, impulsar a participación dos organismos públicos portuarios no financiamento dos proxectos de conexión viaria e ferroviaria, necesarios para dotar de adecuada accesibilidade os portos de interese xeral desde o límite vixente da súa zona de servizo ata o punto de conexión coas redes xerais de transporte de uso común, así como os asociados á mellora das redes xerais de transporte de uso común, para os efectos de potenciar a competitividade das instalacións portuarias favorecendo o transporte intermodal de mercadorías viario e ferroviario e a sustentabilidade do sistema de transporte.

Este fondo posibilita, sen pór en cuestión o marco de autosuficiencia económica que rexe o sistema portuario español de interese xeral nin a programación da construción de novas infraestruturas do lado mar, unha vez atendidas a actual situación económica daquel, a capacidade instalada no sistema e as necesidades infraestruturais previstas para os próximos anos, a contribución ao esforzo de paliar o déficit de conexións viarias e ferroviarias dos portos de interese xeral e á mellora das redes xerais do transporte de mercadorías, cuxa insuficiencia vén lastrando a súa competitividade e condicionando as súas posibilidades de crecemento e de atracción de maiores niveis de investimento privado. En definitiva, o Fondo é un instrumento para acelerar a construción de accesos terrestres aos portos, ao considerarse a adecuada conectividade destes como un factor estratéxico para a economía española e a súa capacidade exportadora, así como un elemento fundamental para potenciar o seu papel como plataforma loxística ao servizo do transporte marítimo internacional, tendo en conta a súa posición xeoestratéxica.

O presente real decreto ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario do artigo 159 bis do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante polo que se crea o Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria, co fin de regular o funcionamento e a aplicación dos recursos do Fondo.

A norma consta de doce artigos, unha disposición transitoria e catro disposicións derradeiras.

Na elaboración desta norma foron consultadas as autoridades portuarias e solicitouse informe ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é regular o Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria, de acordo co disposto no número 1 do artigo 159 bis do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.

Artigo 2. *Natureza e finalidade do Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria.*

1. O Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria encádrase nos fondos carentes de personalidade xurídica regulados no artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e a súa finalidade é o financiamento de obras nas infraestruturas de conexión viaria e ferroviaria necesarias para dotar de adecuada accesibilidade os portos de interese xeral desde o límite vixente da súa zona de servizo ata o punto de conexión coas redes xerais de transporte abertas ao uso común, así como as asociadas á mellora das redes xerais de transporte de uso común, para potenciar a competitividade do transporte intermodal de mercadorías viario e ferroviario.

2. Para estes efectos, considerarase límite vixente da zona de servizo o existente no momento anterior ás afectacións de terreos realizadas expresa e necesariamente para poder levar a cabo as infraestruturas de conexión descritas no número precedente.

3. No concepto de mellora das redes xerais de transporte de uso común considéranse incluídas as conexións e actuacións vinculadas cos portos secos e outras plataformas logísticas intermodais en cuxa titularidade participe un organismo público portuario.

Neste caso, a participación dos organismos públicos portuarios na actuación de que se trate non poderá superar a proporción que lles corresponda na súa titularidade.

Artigo 3. *Recursos do Fondo.*

O Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria nutrirase coas achegas que, con natureza de empréstito, realicen os organismos públicos portuarios, que terán carácter obrigatorio ou voluntario nos termos que se determinan nos artigos 4 e 5.

Artigo 4. *Réxime de achegas obrigatorias.*

1. Portos do Estado e as autoridades portuarias devindicarán anualmente achegas con carácter obrigatorio ao Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria.

2. A contía anual da achega obrigatoria devindicada para cada organismo público portuario establécese nunha porcentaxe do importe dos beneficios netos que resulten das últimas contas anuais aprobadas, unha vez excluídos o Fondo de Compensación Interportuario recibido no dito ano correspondente aos ordinais 1.º a 5.º do punto 5.b) do artigo 159 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, o resultado por alleamentos e baixas do activo non corrente, os ingresos por incorporación ao activo de gastos financeiros, o traspaso a resultados de subvencións de capital, as doazóns e legados, os xuros financeiros recibidos por empréstitos concedidos ao Fondo e outros resultados que teñan o carácter de extraordinarios. Para estes efectos, non se considerarán ingresos extraordinarios as contribucións económicas dos concesionarios para o financiamento de infraestruturas de conexión terrestre entre as redes xerais de transporte de uso común e a zona de servizo dos portos ou as melloras das ditas redes.

O Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario, na súa función de administrador do Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria, establecerá para cada exercicio orzamentario a porcentaxe de beneficios que se deberá achegar, que non poderá superar o 50 por cento destes nin ser inferior do 25 por cento, salvo que o titular do Ministerio de Fomento estableza unha porcentaxe menor. A porcentaxe de achega reducirase á metade para as autoridades portuarias extrapeninsulares.

3. Non obstante o disposto no número 2, non virán obrigados a realizar achega anual ao Fondo os organismos públicos portuarios que finalicen o último exercicio pechado cun fondo de manobra, minorado no importe das achegas obrigatorias exixibles non desembolsadas unha vez deducidos os pagamentos pendentes de compensar de acordo co previsto no número 4 deste artigo, que, sumado ao capítulo de «Outros activos financeiros» do activo non corrente do balance, excluídas as achegas ao Fondo desembolsadas pendentes de amortizar, sexa negativo ou inferior ao 150 por cento da cantidade que lles correspondería achegar.

4. Os organismos públicos portuarios poderán compensar as achegas obrigatorias cuxo desembolso sexa exixido cos pagamentos efectuados, así como cos previstos no orzamento do exercicio de desembolso da achega, unha vez deducidas as subvencións asociadas a eles, correspondentes a investimentos e achegas patrimoniais naquelas obras que estean financiadas co Fondo ou, sen estaren financiadas por el, cumplan os seus requisitos e finalidade, sempre que estean recollidas no correspondente orzamento e fosen aprobadas para a súa compensación polo Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario. Ao finalizar o exercicio regularizaranse, se é o caso, as compensacións atendendo aos pagamentos efectivamente realizados, e o saldo resultante imputarase aos desembolsos do exercicio seguinte ou sucesivos.

5. As achegas obrigatorias serán exixibles a partir do 1 de xaneiro do exercicio a que correspondan, durante un prazo de cinco anos. Para estes efectos, nos orzamentos dos organismos públicos portuarios con compromisos de achega obrigatoria exixibles e non compensables pendentes de desembolso preverase un fondo de manobra suficiente para facer fronte a eles cando lles sexan requiridos, en execución dos acordos adoptados polo Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario.

6. As cantidades cuxo desembolso se exixa anualmente aos organismos públicos portuarios determinaranse tendo en conta as necesidades de financiamento do Fondo e as achegas voluntarias recibidas, unha vez descontados os posibles destinos alternativos destes recursos e outros obxectivos de política portuaria, e serán transferidas por aqueles no prazo de tres meses desde o seu requirimento.

Se as necesidades financeiras do Fondo en cada exercicio fosen inferiores ao conxunto das achegas obrigatorias exixibles e non compensables para ese exercicio máis o saldo pendente de exercicios anteriores, a cantidade que se deberá desembolsar polo conxunto de organismos públicos portuarios ratearase entre eles en proporción ao importe dos seus compromisos tomando en consideración, se é o caso, as compensacións. Neste suposto, a cada organismo público portuario requiriráselle a cantidade que lle corresponda, imputándollela aos exercicios exixibles por orde de antigüidade, comezando polo máis antigo.

7. As cantidades recibidas polo Fondo en concepto de achegas obrigatorias terán un período de amortización de vinte anos, con tres de carencia, desde o seu desembolso e con amortización lineal. Estas cantidades devindicarán a favor dos organismos públicos portuarios un xuro variable, revisable cada seis meses, que será considerado tipo de xuro efectivo para efectos contables. O tipo de xuro de referencia, para cada período, será a media ponderada por volume de emisión dos tipos medios de xuro de colocación nas emisións de débeda a prazo de seis meses realizadas polo Tesouro do Reino de España nos seis meses anteriores á dita revisión. Alternativamente, devindicarán un tipo fixo referenciado ao rendemento medio dos bonos do Tesouro con vencemento equivalente ou máis próximo ao prazo de amortización das achegas. Os xuros serán aboados semestralmente.

8. As cantidades amortizadas correspondentes a achegas que tivesen no seu momento a natureza de achega obrigatoria ao Fondo serán de libre disposición polos organismos públicos portuarios para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 5. *Réxime de achegas voluntarias.*

1. Portos do Estado e as autoridades portuarias poderán facer achegas adicionais ao Fondo, as cales terán tamén o carácter de empréstito. A contía anual destas determinaraa,

respectivamente, o Consello Reitor de Portos do Estado e os consellos de administración das autoridades portuarias en función dos seus excedentes de tesouraría. Estas decisións adoptaranse previamente ao acordo do plan de empresa e, no caso de Portos do Estado, á elaboración dos orzamentos e programas consolidados anuais.

2. Portos do Estado e o propio Fondo, logo de autorización expresa nos termos que estableza a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado e, se é o caso, coa autorización prevista no artigo 111 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, poderán realizar operacións financeiras co obxecto de lle anticipar recursos. O servizo desta débeda terá para o Fondo carácter preferente sobre o reintegro das achegas recibidas.

3. As achegas voluntarias terán un período de carencia de tres anos e un xuro variable, revisable cada seis meses, que será considerado tipo de xuro efectivo para efectos contables, e referenciado ao tipo de xuro das letras do Tesouro con vencemento a seis meses máis cincuenta puntos básicos, aboable semestralmente. Alternativamente, devindicarán un tipo fixo referenciado ao rendemento medio dos bonos do Tesouro con vencemento equivalente ou máis próximo ao prazo de amortización das achegas.

4. As achegas voluntarias formalizaranse nun contrato de empréstito, que subscribirán o presidente de Portos do Estado, como presidente do Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario, e o da Autoridade Portuaria en representación desta. No caso de que a achega voluntaria sexa realizada por Portos do Estado, o contrato será asinado en representación do dito organismo público polo seu director de Recursos e Auditoría.

5. As achegas voluntarias precisarán para a súa efectividade da aceptación por parte do Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario.

Artigo 6. *Características dos empréstitos concedidos.*

1. Poderán optar aos empréstitos do Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria os organismos públicos portuarios, para o financiamento de proxectos concretos que cumpran a súa finalidade e os seus requisitos establecidos neste real decreto.

2. Os empréstitos serán acordados polo Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario, atendendo ás posibilidades e dispoñibilidades plurianuais do Fondo e á selección de proxectos obxecto de financiamento.

3. O Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario aprobará as condicións dos empréstitos.

En todo caso, a duración dos empréstitos non poderá superar os vinte anos ou o prazo de amortización da obra financiada, se for inferior; e non poderán ter un período de carencia superior a tres anos ou ao período de construción das obras financiadas se for inferior, que para estes efectos se considerarán rematadas no momento da sinatura da acta de recepción provisional das obras.

O tipo de xuro será variable e fixarase cada seis meses en función do custo medio, no semestre anterior, das achegas desembolsadas non amortizadas, tanto de carácter obrigatorio como voluntario, e das operacións financeiras previstas no artigo 5.2 recibidas polo Fondo; ou, alternativamente, un tipo fixo referenciado no rendemento medio dos bonos do Tesouro con vencemento equivalente ao prazo de amortización dos empréstitos.

Os xuros serán aboables semestralmente.

En caso de demora de calquera pagamento, o contrato de empréstito considerará un xuro de mora agravado.

4. No caso de que o organismo público portuario obteña algún tipo de achega non retornable ou subvención destinada a financiar as obras, o importe conxunto do obtido e dos empréstitos outorgados con cargo ao Fondo non poderá ser superior ao orzamento de adxudicación da obra máis o valor das expropiacións que vaian ao seu cargo.

No caso de obras de mellora das redes xerais de transporte de uso común que se financien total ou parcialmente a través de empréstitos do Fondo, acordadas co organismo ou entidade competente para a súa execución a través dun convenio, o importe do

empréstito non poderá superar a cantidade achegada para a dita actuación polo organismo público portuario.

O financiamento de obras de mellora das redes xerais de transporte de uso común que fosen financiadas polo Fondo ou, sen estaren financiadas por este, cuxa compensación fose aprobada polo Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario, representará para as autoridades portuarias unha minoración patrimonial polo importe do financiamento acordado no correspondente convenio.

5. Os organismos públicos portuarios receptores de empréstitos deberán destinar calquera excedente significativo no seu fondo de manobra, tendo en conta a súa programación financeira plurianual, á amortización anticipada dos empréstitos recibidos, requirimento que se incluírá no contrato de empréstito.

6. Os empréstitos concedidos formalizaranse nun contrato, que subscribirán o presidente de Portos do Estado, como presidente do Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario, e o do organismo público portuario correspondente en representación deste. No caso de que o receptor do financiamento sexa Portos do Estado, o contrato será asinado en representación do dito organismo público polo seu director de Recursos e Auditoría.

7. Os organismos públicos portuarios receptores poderán acordar a amortización anticipada dos empréstitos recibidos sen penalización. A amortización anticipada aplicarase a todos os organismos públicos portuarios na proporción que represente o montante dos empréstitos vivos de cada un deles sobre o total. Neste suposto, a cantidade correspondente a cada organismo público portuario imputarase aos exercicios en que se realizou o desembolso por orde de antigüidade, comezando polo máis antigo.

Artigo 7. *Requisitos para acceder ao financiamento do Fondo.*

1. As contribucións económicas dos concesionarios derivadas das ampliacións dos prazos concesionais para obras de conexión ou melloras das redes xerais de transporte de uso común previstas no artigo 82.2, c2) e na disposición transitoria décima.1.b) do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante aplicaranas as autoridades portuarias previamente á solicitude de asistencia financeira do Fondo. Soamente cando non existan contribucións financeiras pendentes de aplicación ou non sexan suficientes se poderá solicitar financiamento proveniente do Fondo.

2. As actuacións e proxectos que non teñan viabilidade económica e técnica e aquelas propostas por organismos públicos portuarios que carezan de capacidade financeira para pagar os xuros e devolver os empréstitos non poderán ser obxecto de financiamento con cargo ao Fondo nin da compensación que establece o artigo 4.4 deste real decreto. Para tal efecto, o organismo propoñente achegará o correspondente estudo de viabilidade, que incluírá unha análise custo-beneficio, tendo en conta as demandas reais e previsibles de interconexión co porto e os tráficoos reais e previsibles.

3. Para que as actuacións e proxectos propostos polas autoridades portuarias poidan acceder ao dito financiamento deberán contar con informe favorable de Portos do Estado.

4. Os proxectos que se financiarán co Fondo, así como aqueles que permitan a compensación das achegas obrigatorias a este, deberanse incluír no plan de empresa da autoridade portuaria ou nos orzamentos de Portos do Estado.

Artigo 8. *Procedemento e criterios de valoración de actuacións.*

1. Os proxectos seleccionaranse anualmente tendo en conta as dispoñibilidades presentes e plurianuais do Fondo e as achegas obrigatorias que se determinasen de acordo co artigo 4.6.

Os proxectos ordenaranse sobre a base duns criterios de valoración transparentes e previamente establecidos, de acordo co disposto no número seguinte. Sobre a base da ordenación resultante e tendo en conta as dispoñibilidades do Fondo, seleccionaranse os proxectos que se van financiar.

2. O Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario valorará e ordenará as operacións propostas empregando criterios que deberán establecerse co voto favorable de Portos do Estado.

En todo caso, incluíranse os seguintes criterios:

- a) As liñas orientativas anuais de actuación do Fondo decididas polo Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario.
- b) O interese do proxecto para o conxunto do sistema portuario español.
- c) O custo do proxecto, incluído o custo de oportunidade de financiar ou non o proxecto, considerando a existencia doutros proxectos alternativos ou fontes alternativas de financiamento, así como a análise custo-beneficio.
- d) O posible financiamento de fondos europeos ou cofinanciamento privado.
- e) O impacto do proxecto na competitividade da economía española.
- f) Calquera outro elemento relevante que se considere de interese para a valoración e aprobación das propostas.

Artigo 9. *Administración do Fondo.*

1. O Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuario será administrado por Portos do Estado e polas autoridades portuarias de conformidade cos acordos adoptados polo Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario, regulado no artigo 159 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, cuxas funcións se amplían facultándoo para adoptar os acordos de administración do Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuario nos termos que se establecen no presente real decreto.

2. Os acordos do Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario relativos ao Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria serán adoptados por maioría de dous terzos dos asistentes.

Artigo 10. *Réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control do Fondo.*

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control do Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria será o previsto para os fondos carentes de personalidade xurídica na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2. O Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario aprobará anualmente, de conformidade co disposto nos artigos 64 e 65 da Lei xeral orzamentaria, os orzamentos de explotación e capital e o programa de actuación plurianual do Fondo, que se remitirá ao Ministerio de Fomento para a súa tramitación na forma establecida no artigo 66 da citada lei e integración nos orzamentos xerais do Estado.

3. A contabilidade do Fondo axustarase á Resolución do 1 de xullo de 2011, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se aproban as normas contables relativas aos fondos carentes de personalidade xurídica a que se refire o número 2 do artigo 2 da Lei xeral orzamentaria e ao rexistro das operacións de tales fondos nas entidades achegantes do sector público administrativo.

4. A rendición de contas realizarase ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, conforme o previsto no capítulo IV do título V da Lei 47/2003, do 26 de novembro. Ás contas xuntarase o informe de auditoría nos termos establecidos nos artigos 163 e 168 da lei.

5. A formulación, a posta á disposición e a rendición de contas corresponden ao presidente de Portos do Estado. O Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario será quen realice o exame e, de ser o caso, a aprobación das contas auditadas.

Artigo 11. *Mecanismos de control.*

1. Portos do Estado, mediante resolución do seu presidente, establecerá para a xestión do Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria os mecanismos de control interno que considere necesarios, co obxecto de garantir a seguridade dos activos, a fiabilidade da información financeira e o cumprimento das leis e normas aplicables.

2. En relación coas operacións de financiamento que o Fondo concerte coas autoridades portuarias, o Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario poderá solicitar de Portos do Estado a realización de cantos controis se consideren precisos para garantir a correcta aplicación dos empréstitos outorgados á realización dos proxectos seleccionados.

3. En todo caso, será preceptivo realizar un informe de control ao finalizar cada proxecto co obxecto de determinar que a natureza das obras realizadas eran susceptibles de ser financiadas con cargo aos empréstitos outorgados polo Fondo, que as obras realizadas se corresponden cos proxectos seleccionados polo Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario e que o importe dos investimentos realizados e pagados non é inferior ao importe do empréstito outorgado.

O informe de control será realizado por Portos do Estado respecto de actuacións desenvolvidas polas autoridades portuarias e pola Inspección do Ministerio de Fomento en relación coas de Portos do Estado.

No caso de que o informe de control realizado determine que o importe dos investimentos realizados é inferior ao empréstito outorgado, o organismo público portuario receptor do empréstito procederá á inmediata amortización do empréstito polo importe da diferenza.

Artigo 12. *Control parlamentario.*

Portos do Estado elaborará anualmente un informe individual do Fondo, que se incorporará ao informe de xestión previsto no artigo 18.2 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, para a súa elevación ás Cortes Xerais.

Disposición transitoria. *Compensación de pagamentos correspondentes a obras que cumpran os requisitos e finalidade do Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria realizados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto.*

Os pagamentos realizados en execución de obras adxudicadas con posterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, cando cumpran os requisitos e a finalidade do Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre Portuaria, poderán ser compensados coas achegas obrigatorias aprobadas para o dito fondo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de portos de interese xeral.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílase o titular do Ministerio de Fomento para ditar cantas disposicións e actos sexan necesarios para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Comezo do funcionamento do Fondo.*

O previsto no presente real decreto sobre o réxime de achegas ao Fondo e a súa aplicación será efectivo unha vez aprobado o seu primeiro orzamento.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de xullo de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Fomento,
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN